







APARTADO I: PLAN DE ACCIÓN



I.1 LIÑAS ESTRATÉXICAS E MEDIDAS OU PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Do proceso de análise e consulta, unha vez seleccionadas e priorizadas as necesidades, despréndense os obxectivos de desenvolvemento do territorio e o enfoque/programa sobre o que traballar. Logo, perfílanse as OPERACIÓNS que tratarán de dar resposta ás necesidades, definindo o que chamaremos PLAN DE ACCIÓN, parte executiva da estratexia

A característica mais significativa desta Comarca é a súa ruralidade territorial e social, polo que o desenvolvemento rural cobra unha importancia específica para facer fronte os desequilibrios internos pola concentración do crecemento en áreas metropolitanas e o abandono, que sofre o resto do territorio. A loita contra a perda continua da poboación nos Concellos rurais, e a necesidade de recuperar actividades de altos valores naturais e culturais asociados, debe definir o eixo da estratexia. Para elo deben combinarse varios elementos que repercutan no crecemento económico e benestar social baseándonos na posta en valor dos recursos endóxeos preservándoos a longo prazo

Trátase de implementar un plan de acción que sitúe a nosa comarca como territorio para vivir, traballar e que:

- Aposte polo mantemento e **calidade de vida** dos seus pobos e habitantes, reducindo o déficit de oportunidades das zonas rurais cos respecto do mundo urbano, atendendo á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión e pola **gobernanza**.
- Procure o **dinamismo empresarial e a xeración de oportunidades de emprego**, sustentado na multifuncionalidade económica coa consolidación de sectores tradicionais e a aposta por actividades que diversifiquen á economía rural
- Posibilite o **mantemento, conservación e recuperación do patrimonio** cultural, histórico, arquitectónico e medioambiental, a súa valoración e aproveitamento sostible
- Teña como retos transversais, **a innovación, o medio ambiente, o cambio climático e a igualdade de oportunidades**.

Na seguinte táboa, co [cadro do Plan de Acción](#) inclúense as **Liñas Estratéxicas** e a súa **xustificación**, o seu **engarce cos obxectivos** -tanto específicos como operativos- e as **medidas ou tipoloxías de accións** que se pretenden levar a cabo no marco das liñas estratéxicas.

I. PLAN DE ACCIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA (PRIORIDADE)	XUSTIFICACIÓN	OBXECTIVO ESPECÍFICO	OBXECTIVO OPERATIVO	MEDIDA/TIPOLOXIA
LE1: AUMENTO DA COMPETITIVIDADE E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR AGROALIMENTARIO E FORESTAL	Con tradición de produtos de calidade (leite, carne, mel, pan, etc) e con marcas de calidade diferenciada e implantada (Tenreira de Galicia, grelos de Galicia, mel de Galicia, etc), débese incidir na incorporación de novos produtos, producións adaptadas ás novas tendencias alimentarias e de consumo,; procurar un maior valor engadido dos existentes; a transferencia xeracional do “saber facer”; e especialmente a difusión e promoción das calidades da produción agroalimentaria, potenciando novas formulas de comercialización con especial atención ás canles curtas; e incluír accións de innovación e investigación para adaptarse aos novos tempos. O VEB da madeira, papel e mobles da Comarca de Ordes supón case o dobre da media rexional o que da a idea da importancia deste sector neste territorio	OE2	OP3.3	M.1.1 Apoio a iniciativas e proxectos piloto con enfoque innovador tendentes á diversificación produtiva e a sostibilidade agraria
			OP3.4;OP3.8	M.1.2 Investimentos para a transformación, distribución e comercialización da produción agraria e/ou agroalimentaria
			OP3.3	M.1.3 Apoio á produción local sostible
			OP2.2;OP3.3	M.1.4 Apoio aos instrumentos contemplados na Lei de Recuperación da Terra Agraria
			OP4.3	M.1.5 Apoio ao desenvolvemento de aproveitamentos forestais distintos da madeira e á silvicultura
			OP4.3	M.1.6 Apoio as actividades de procesamento e mobilización da biomasa forestal
LE2: APOIO A CREACIÓN DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO, ESPECIALMENTE AUTÓNOMOS PEQUENAS EMPRESAS E EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL	A xeración de oportunidades para o emprego a través do desenvolvemento económico, debe ser un obxectivo prioritario da EDL de calquera territorio. Coas accións incluídas nesta liña preténdese fomentar e consolidar o emprego, fortalecer o tecido produtivo da nosa bisbarra, promovendo a actividade económica e mellorando a competitividade das nosas empresas. DirVai dirixida fundamentalmente a aquelas actividades que aproveiten os recursos endóxenos do territorio, cumplan obxectivos ODS e LEADER e respondan as necesidades detectadas. Así mesmo, a través da aplicación	OE3	OP3.6	M.2.1 Investimentos para a posta en marcha de proxectos xeradores de emprego
			OP2.4;OP3.6	M.2.2 Fomento do autoemprego e do relevo xeracional nos negocios locais (Bono Activa Rural)
			OP2.4;OP3.5	M.2.3 Mellora da competitividade e RSC das empresas
			OP3.6	M.2.4 Investimentos ligados a actividade económica. Mellora da competitividade das pequenas empresas, crecemento, consolidación, sostibilidade e internalización
			OP3.9	M.2.5 Apoios a transformación dixital das empresas

I. PLAN DE ACCIÓN



	do Bono Activa Rural intentase favorecer o autoemprego mediante o establecemento dunha prima única que pode acadar os 18.000 euros		OP3.1	M2.6	Accións e programas de promoción do empendemento e a actividade económica
			OP3.11	M3.2	Apoío á creación, ampliación e modernización de establecementos de turismo e servizos complementarios
			OP3.11	M3.3	Fortalecemento do Camiño de Santiago e da vía verde Cerceda - Santiago e do xeodestino Terras da Comarca de Ordes
			OP3.11	M3.4	Implantación de sistemas de calidade en establecementos turísticos

I. PLAN DE ACCIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA (PRIORIDADE)	XUSTIFICACIÓN	OBXECTIVO ESPECÍFICO	OBXECTIVO OPERATIVO	MEDIDA/TIPOLOXIA
LE3.- APOIO AO SECTOR TURÍSTICO E AO CANAL HORECA	O sector turístico (hostalería, restauración, servizos de ocio, turismo activo, artesanía, etc) ten a necesidade de abordar iniciativas de creación e mellora ou complementar a súa oferta con novos servizos, actividades e equipamentos. É o momento de implementar accións de promoción e comercialización, apostar pola calidade a profesionalización do sector, e especialmente axustar á oferta á demanda e á adaptación aos continuos cambios de tendencia.	OE3	OP3.6;OP3.11	M3.1 Apoios á recuperación de actividades artesanais vencelladas ao territorio
			OP3.11	M3.2 Apoio á creación, ampliación e modernización de establecementos de turismo e servizos complementarios
			OP3.11	M3.3 Fortalecemento do Camiño de Santiago e da vía verde Cerceda - Santiago e do xeodestino Terras da Comarca de Ordes
			OP3.11	M3.4 Implantación de sistemas de calidade en establecementos turísticos
LE4.- AUMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR TERCIARIO (COMERCIO E SERVIZOS)	A rede de empresas comerciais da comarca procura servizos e produtos ó conxunto da poboación rural, xerándose unha importante economía local con tendencia a centralizarse nas capitais dos concellos e especialmente na cabeceira comarcal. obsérvase que o noso territorio está pouco terciarizado en comparación con outros territorios da Comunidade Autónoma. Este tecido empresarial é unha das bases do futuro, garantía da calidade de vida e fonte de emprego e actividade económica, polo que faise preciso incentivar a creación de novas empresas, a mellora das existentes e a incorporación da calidade, a innovación, as TICs e a eficiencia enerxética.	OE3	OP3.7	M4.1 Creación, adecuación e modernización de establecementos de comercio/servizos, con limitación a aquelas actividades contempladas nas normas de valoración da EDL
				M4.2 Apoio a creación de solucións innovadoras que leven servizos e produtos a poboación
				M4.3 Proxectos colaborativos entre empresas /e ou entidades para a ampliación da oferta
LE5.- ACCIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR SERVIZOS SUFICIENTES E DE CALIDADE PARA A POBOACIÓN DA COMARCA DE ORDES	A calidade de vida vai ligada ó nivel de equipamentos, infraestruturas, e servizos á poboación, que determina xunto co emprego, os condicionantes para vivir dignamente no medio rural. É responsabilidade de todos lograr niveis de calidade de vida óptimos en condicións de igualdade e equilibrio coa zonas urbanas.	OE1;OE2	OP1,6;OP2.1, OP2.6	M5.1 Investimentos que favorezan a mobilidade sostible
			OP2.1	M5.2 Investimentos para ampliar a oferta de ocio e deporte
			OP2.1	M5.3 Accións e programas relacionados con mellora da calidade de vida da poboación (movilidade, ocio, deporte, vivenda...)

I. PLAN DE ACCIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA (PRIORIDADE)	XUSTIFICACIÓN	OBXECTIVO ESPECÍFICO	OBXECTIVO OPERATIVO	MEDIDA/TIPOLOXIA
LE6. INCLUSIÓN SOCIAL, CONCILIACIÓN E RELACIÓNS INTERXENERACIONAIS	A nosa Comarca conta cunha poboación envellecida, con escaso relevo xeracional e cunha crecente poboación inmigrante. A isto hai que engadirle a difícil incorporación da muller ao mercado laboral, motivada pola crise do sector téxtil polo que se fai necesario establecer unha liña estratéxica específica para estes colectivos que favorezan as súas interrelacións e a mellora das súas condicións familiares e laborais.	OE2	OP2.1	M6.1 Creación e mellora de espazos e equipamentos que favorezan a conciliación, as relacións interxeracionais e a convivencia nos distintos colectivos.
			OP2.3	M6.2 Actividades e programas dirixidos á terceira idade, xuventude, infancia, mulleres, migrantes e colectivos en risco de exclusión social
			OP2.3	M6.3 Apoio a accións que favorezan a conciliación familiar.
			OP2.3	M6.4 Apoio a accións tendentes a lograr a igualdade efectiva entre mulleres e homes
			OP2.5	M6.5 Investimentos que melloren a accesibilidade universal (física, cognitiva e sensorial)
LE7.- CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E MELLORA DOS VALORES CULTURAIS E PATRIMONIAIS DO TERRITORIO	No proceso participativo púsose de manifesto qu eo fomento da cultura e a recuperación e difusión do noso patrimonio, resulta clave se queremos conseguir unha sociedade toterante, moderna e orgullosa das súas raíces. Por iso plantexamos esta Liña Estratéxica que aborda as necesidades realcionadas co incremento da oferta cultural e o mantemento e posta en valor do noso patrimonio material e inmaterial.	OE4	OP4.2	M7.1 Investimentos relacionados co patrimonio cultural e artístico
				M7.2 Accións e programas para a promoción cultural da Bisbarra
LE8.-RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO ENTORNO NATURAL	Unha comarca que quere conseguir un desenvolvemento territorial integral, require dunha actitude responsable en materia de medio ambiente e conservación, abordando accións de mantemento, restauración e compatibilidade de usos e mellora do seu patrimonio natural.	OE4	OP4.1	M8.1 Investimentos relacionados coa recuperación e/ou posta en valor do patrimonio natural
				M8.2 Accións de difusión e posta en valor do patrimonio natural

I. PLAN DE ACCIÓN

LIÑA ESTRATÉGICA (PRIORIDADE)	XUSTIFICACIÓN	OBXECTIVO ESPECÍFICO	OBXECTIVO OPERATIVO	MEDIDA/TIPOLOXIA
LE9.- MEDIDAS PARA MINORAR OS IMPACTOS AMBIENTAIS E CLIMÁTICOS. ECONOMÍA CIRCULAR, EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXIAS RENOVABLES	O marcado carácter transversal desta liña permite que sexa aplicada tanto ó tecido empresarial como as entidades locais e asociacións cara a procura dun cambio no modelo de consumo enerxético, potenciando outras formas de uso, e promovendo un aproveitamento sostible dos recursos locais, con especial atención ó sector primario, a sensibilización sobre a eficiencia enerxética e o cambio climático, e a progresiva incorporación de accións medioambientais no ámbito da administración local e a cidadanía.	OE4	OP4.4	M9.1 Investimentos para aumentar a resiliencia nos entornos urbanos e periurbanos para adaptarse ao cambio climático
			OP4.1	M9.2 Proxectos que melloren e fomenten a biodiversidade, a conectividade, a recuperación de áreas degradadas, a xestión forestal e a silvicultura sostible
			OP4.5	M9.3 Apoio a actuacións de economía circular
			OP4.6	M9.4 Proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética e utilización de enerxía limpa
			OP4.3	M9.5 Utilización da biomasa forestal para a xeración de enerxía
LE10.- FORMACIÓN E DIXITALIZACIÓN	Esta liña estratéxica irá dirixida á consecución dun dobre obxectivo: por unha banda á cualificación profesional dos habitantes do territorio, e doutra banda á implementación de solucións baseadas nas novas tecnoloxías, cun compoñente dixital predominante que melloren a competitividade das empresas e que melloren a calidade de vidas das zonas rurais de xeito sostible	OE2 E OE3	OP3.2	M10.1 Solucións innovadoras en formación, transferencia e intercambio de coñecemento, participación e creación de redes colaborativas
			OP2.6;OP3.2	M10.2 Investimentos en novas tecnoloxías e solucións intelixentes
			OP3.9	M10.3 Dotación de espazos para aplicar as NNTTII
LE11- GOVERNANZA MULTINIVEL	O papel da sociedade local non pode quedar circunscrito ó proceso de participación na estratexia, senón que será parte activa na execución da estratexia, impulsando acción que procuren a súa implicación no desenvolvemento da comarca.	OE1; OE2	OP1.1;	M11.1 Animación, dinamización e promoción territorial. Información e publicidade da EDL
			OP1.2;	M11.2 Apoio as actividades asociativas e aquelas dirixidas a potenciar a participación das sociedades civís na xestión da EDL
			OP1.3;	
			OP1.4;	M11.3 Accións de cooperación e desenvolvemento
			OP1.5,	
			OP1.6;OP1.7	M11.4 Empoderamento da muller rural
			OP2.1	

I.2 PROXECTOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS CON IMPACTO SIGNIFICATIVO

Neste apartado imos a especificar algunhas das accións a implementar dentro das Liñas Estratéxicas e das Medidas detalladas no epígrafe anterior, elaborando as súas fichas de elixibilidade.

ACCIÓN 1	INVESTIMENTOS EN EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, GANDEIRAS E FORESTAIS
LIÑA ESTRATÉXICA	LE1: Aumento da competitividade e diversificación do sector agroalimentario e forestal
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Implantación de medidas de aforro enerxético nas explotacións ou emprego de fontes de enerxías renovables A mellora da eficiencia enerxética debe acreditarse mediante informe de técnico cualificado ou auditoría enerxético e oa redución dos custos enerxéticos deberá como mínimo o 40 %. 2. Proxectos de inicio da actividade agraria como complemento dunha actividade non agraria 3. Outros pequenos proxectos agrícolas autorizados pola AGADER en coordinación con outros departamentos da Consellería do Medio Rural 4. Creación de puntos de venda polo miúdo na explotación, sempre que polo menos o 80% procedan da propia explotación. 5. Procesos innovadores dentro das explotacións, adhesións a sistemas de certificación ecolóxica, desenvolvemento de novos produtos ou servizos, creación de canles curtos de comercialización e outros que demostren a súa innovación. 6. Axudas para outras actividades gandeiras tales como, apicultura, helicultura, etc complementarias da actividade principal. En ningún caso subvencionarase maquinaria automotriz. En calquera caso, serán subvencionables todos aqueles investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria
NATUREZA	PRODUTIVA

I. PLAN DE ACCIÓN

BENEFICIARIOS	Agrarios: Titulares de explotacións agrarias ou persoas que vaian selo e agrupacións legalmente constituídas, con maioría de socios titulares de explotacións agrarias prioritarias. Forestais: Comunidades ou mancomunidades veciñais de montes en man común e empresarios individuais ou pequenas empresas no sector forestal
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, bases da convocatoria e réxime de axudas Deberá cumprir a normativa vixente sobre protección ambiental e calquera outra normativa sectorial
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cos importes máximos establecidos na normativa e no baremo do GDR.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

ACCIÓN 2	INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS E FORESTAIS
LIÑA ESTRATÉXICA	LE1: Aumento da competitividade e diversificación do sector agroalimentario e forestal
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Posta en marcha e modernización de actividades relacionadas coa transformación e comercialización dos produtos agrarios enumerados no anexo I do Tratado, tales como infraestruturas e medios materiais para a conservación, envasado, etiquetado, embalaxe, etc, en proxectos promovidos polos titulares das explotacións que supoñan a comercialización dos seus propios produtos. Polo menos o 85% das materias primas utilizadas para a transformación estarán incluídas no anexo I do Tratado, e o resultado dese proceso poderá ser un produto non contido no citado anexo. 2. Apoio á innovación empresarial (I+D+i) 3. Accións de mellora de calidade diferenciada e implementación de sistemas de calidade e seguridade alimentaria.

I. PLAN DE ACCIÓN

	4. Posta en marcha e desenvolvemento de empresas para o procesamento e a mobilización da biomasa forestal. Unicamente se apoiaran investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía. 5. Posta en marcha e desenvolvemento doutros aproveitamentos forestais distintos da madeira (castañas, cogomelos, bioproductos forestais, etc) a pequena escala. 6. Implantación de procesos de certificación forestal. 7. Calquera outro tipo de proxectos relacionados cos instrumentos de recuperación de terra agraria ou con plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos polas distintas administracións.
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Agrarios: Pequenas empresas/ titulares de explotacións agrarias Forestais: Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente) Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal, de ser o caso
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable no caso do de investimentos agrarios e 40% en investimentos forestais, cos importes máximos establecidos na normativa e no baremo do GDR
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

ACCIÓN 3	CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE EMPRESAS INDUSTRIAIS
LIÑA ESTRATÉXICA	LE2: Apoio a creación de consolidación do emprego, especialmente autónomos pequenas empresas e empresas de economía social
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	Creación e desenvolvemento (ampliación e modernización) de empresas industriais, incluída a transformación de madeira, a construción e a rehabilitación de inmobles.

I. PLAN DE ACCIÓN

	As operacións de creación de empresas deberán crear emprego, e as de ampliación e modernización deberán consolidar os postos de traballo
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 95.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

ACCIÓN 4	INVESTIMENTOS NO SECTOR TURÍSTICO
LIÑA ESTRATÉXICA	LE3: Apoio ao sector turístico e ao canal HORECA
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Investimentos para a creación, ampliación e modernización e aumento de categoría de establecementos de aloxamento 2. Investimentos para a creación, ampliación e modernización e aumento de categoría de establecementos de restauración. Quedarán excluídos de apoio, en principio, cafeterías, bares e similares, excepto bares-tenda naquelas entidades singulares de poboación de menos de 150 habitantes. 3. Creación, ampliación e modernización de establecementos de turismo activo e de experiencias. 4. Creación de albergues privados, particularmente ligados ó Camiño de Santiago (inglés), e a vía verde Cerceda - Santiago atendendo ás singularidades e necesidades específicas destes establecementos. 5. Accións de implementación de sistemas de eficiencia enerxética, sistemas de calidade e incorporación de TICs. 6. Proxectos de recuperación e impulso de actividades artesanais vinculadas ó territorio 7. Creación e consolidación de entidades que presten servizos de información e asesoramento turístico, estruturación, promoción e comercialización da oferta territorial (paquetes turísticos).

I. PLAN DE ACCIÓN

	A creación de novos establecementos e de novas prazas de aloxamento estará supeditado ó que figure no convenio que se asinará entre AGADER e Turismo.
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente). Convenio AGADER- Turismo (pendente de sinatura)
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 95.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

ACCIÓN 5	APOIO AO COMERCIO E SERVIZOS
LIÑA ESTRATÉXICA	LE4: Aumento da competitividade do sector terciario
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	<u>Creación, ampliación e modernización de establecementos comerciais nos seguintes epígrafes do IAE:</u> Serán subvencionables en todo o territorio os seguintes epígrafes do C.N.A.E: 612.2; 612.3; 612.4; 612.5; grupo 613; 614.2; 614.4; 615.2; 615.3, 615.4; grupo 617 , grupo 619; 641, grupo 642, grupo 644; grupo 647; grupo 651; grupo 652, grupo 653, grupo 654; 659.2: 659.3; 659.4; . 659.5, 659.6, 659.7 e grupo 671, así como todos aqueles que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER <u>Creación, ampliación e modernización de empresas de servizos e actividades profesionais.</u> Serán subvencionables en todo o territorio de actuación deste GDR, os proxectos consistentes na prestación de servizos dirixidos, específica e directamente, a atender as necesidades dos colectivos das persoas máis vulnerables (mulleres, maiores, nenos, e persoas cunha discapacidade

I. PLAN DE ACCIÓN

	igual ou superior ó 33 %). Estes proxectos enmarcaranse nos seguintes epígrafes do I.A.E.: 931., 933.1, 942.1; 951, 952 e 966.1 Excepcionalmente, poderán ter a consideración de subvencionables proxectos que non se enmarquen en ningún dos epígrafes sinalados neste parágrafo, pero que de xeito directo e inequívoco estean dirixidos a atender as necesidades dos colectivos sinalados nos ámbitos da asistencia social, servizos educativos, sanitarios e similares. Serán tamén subvencionables os proxectos do sector servizos que se encadren nalgún dos seguintes epígrafes: grupo 691; 692; 751.5; grupo 755; 757; grupo 761; 832.1; 849.7; grupo 921; 931.1; 933.1; grupo 942; 943; 944; 945; 951; 952; grupo 961; 965.4; 966.2; 969.1; grupo 971; grupo 972; grupo 973; 974; 975; 979.4; 981.2; 981.3; 989.3 sempre que se localicen en entidades singulares de poboación de menos de 1.000 habitantes (segundo o nomenclator do IGE do ano 2022). Esta limitación non rexerá para os proxectos que, enmarcándose nos epígrafes sinalados neste parágrafo, se localicen en polígonos industriais ou parques empresariais, así como para os promovidos por entidades de economía social (cooperativas e sociedades laborais). Por coherencia coas políticas da Consellería do Medio Rural, poderán ter a consideración de subvencionables proxectos do sector comercial servizos, vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por Agader. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente) e as establecidas no apartado de tipoloxía de proxectos
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 95.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

I. PLAN DE ACCIÓN

ACCIÓN 6	BONO ACTIVA RURAL
LIÑA ESTRATÉXICA	LE2: Apoio a creación de consolidación do emprego, especialmente autónomos pequenas empresas e empresas de economía social LE3: Apoio ao sector turístico e ao canal HORECA LE4: Aumento da competitividade do sector terciario
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	Todos aqueles enmarcados nas accións 3, 4 e 5 definidas anteriormente
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Persoas físicas que se dean de alta no RETA
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	A subvención correspóndese cunha axuda a tanto global cuxo importe máximo é de 18.000 euros
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

ACCIÓN 7	CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO NATURAL
LIÑA ESTRATÉXICA	LE8: Recuperación e posta en valor do entorno natural
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Investimentos para a posta en valor e desenvolvemento de zonas de interese natural, paseos fluviais, lagoas , etc e de espazos protexidos 2. Investimentos para crear ou mellorar infraestruturas que posibiliten o uso e disfrute social do patrimonio natural (sendas, áreas recreativas, áreas de conservación e interpretación da natureza) 3. Deseño, implementación e homologacións de sendeiros 4. Accións de sensibilización e participación social sobre boas prácticas en materia medioambiental e sobre os instrumentos de mobilización de terra agraria

I. PLAN DE ACCIÓN

	5. Outros investimentos en espazos naturais e nos núcleos rurais das aldeas modelo que teñan como obxectivo a valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural
NATUREZA	PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/entidades privadas sen ánimo de lucro
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custes elixibles en proxectos de prioridade alta co límite de 100.000€ por proxecto, 70 % en proxectos de prioridade media co límite de 50.000€ por proxecto e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 25.00€ euros por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

ACCIÓN 8	INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS PARA A CALIDADE DE VIDA
LIÑA ESTRATÉXICA	LE5: Accións dirixidas a garantir servizos suficientes e de calidade para a poboación da Comarca de Ourense LE6: Inclusión social, conciliación e relacións interxeracionais
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Dotación e mellora das TIC no territorio (pequenas infraestruturas que permitan o acceso as TICs (rede Wimax ou tecnoloxía Wan, Telecentros, Aulas de informática, ..) 2. Actuacións tendentes a atender, de xeito integral, as necesidades e problemáticas das persoas, fundamentalmente no ámbito da asistencia social, mediante a creación de infraestruturas e servizos adecuados (centros de día, vivendas tuteladas, garderías, xeriátricos, etc.) 3. Fomento de actividades complementarias para persoas con discapacidade

I. PLAN DE ACCIÓN

	4. Accións que presten unha especial atención ás necesidades dos colectivos máis vulnerables (maiores, mulleres e nenos). 5. Mellora de infraestruturas, equipamentos e recursos turísticos. Creación de novos servizos e infraestruturas turísticas a pequena escala. Sinalización turística 6. Infraestruturas culturais e de ocio (locais sociais, instalacións deportivas, etc) Os locais sociais onde onde se pretende a realización de actuacións son os seguintes: • <u>Cerceda</u>: As Encrobas Atrio (Rodis), A Silva, Xesteda, Piñeiro (Baixa de Cerceda), e as antigas escolas unitarias de Meirama e Queixas • <u>Frades</u>: Abellá (O Vedral), Abellá (O Cabezo), Mesos, Aíazo, Céltigos, Vitre, Gafoi, Moar, Galegos, Ledoira e novo local a construír na parroquia de Frades • <u>Mesía</u>: Albixoi, Bascoi, Boado, Cabrui, Castro, Cumbraos, Lanzá, Mesía, Olas, Visantoña e Xanceda • <u>Ordes</u>: Adrán, Ardemil, Bailía, Barbeiros, Fosado, Guindiboo, Lesta, Mesón do Vento, Nouche, Parada, Pereira, Poulo e Vilamaior • <u>Oroso</u>: Trasmonte, Deixebre, Oroso, Gandara, Vilarromaris, Senra, Os Anxeles e Grabanxa • <u>Tordoia</u>: Belmis (Numide), Paradela (Leobalde), Eirexe (Bardaos), Castiñeiro (Andoio), Cova (Anxeriz), Santaia (Gorgullos), Tarroeira (Castenda), Piñeiro e Igrexa (Viladabade) • <u>Trazo</u>: Vilasuso (Berreo), Castelo, Chaian, Oa (Xavestre), Benza e Xixirei (Xavestre) • Núcleos rurais sitos en aldeas modelo ou en zonas de implementación de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER 7. Creación de infraestruturas de apoio ó emprego e á iniciativa empresarial. 8. Outras infraestruturas relacionadas cos servizos á poboación.
NATUREZA	NON PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/asociacións e outras institucións de carácter privado
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)

I. PLAN DE ACCIÓN

CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custos elixibles en proxectos de prioridade alta co límite de 100.000€ por proxecto, 70 % en proxectos de prioridade media co límite de 50.000€ por proxecto e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 25.00€ euros por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

ACCIÓN 9	INVESTIMENTOS EN CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO CULTURAL, ARQUITECTÓNICO, ...
MEDIDA DO PDR	LE7: Conservación, recuperación e mellora dos valores culturais e patrimoniais do territorio LE8: Recuperación e posta en valor do entorno rural
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Proxectos que supoñan a conservación e/ou mellora do patrimonio histórico – artístico, cultural, etc, así como o patrimonio menor (cruceiros, muíños) mediante investimentos, catalogación e posta en valor do mesmo. 2. Proxectos relacionados coa memoria oral e o patrimonio inmaterial. 3. Fomento de actividades relacionadas coa artesanía. 4. Intervencións en torno ó patrimonio industrial (aulas de reciclaxe, museos, etc.) 5. Creación de centros de interpretación e promoción que dean a coñecer a cultura e historia do territorio. 6. Outras actuacións encamiñadas á renovación e desenvolvemento de pobos e á protección e conservación do patrimonio rural.
NATUREZA	NON PRODUTIVA
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/entidades privadas sen ánimo de lucro
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)

I. PLAN DE ACCIÓN

NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custes elixibles en proxectos de prioridade alta co límite de 100.000€ por proxecto, 70 % en proxectos de prioridade media co límite de 50.000€ por proxecto e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 25.00€ euros por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

I.3 ACTUACIÓNS PROPIAS DE ANIMACIÓN A REALIZAR POLO GDR

As actividades de animación previstas para o período para o período 2023-2027 dependerán, tanto dos fondos finalmente asignados ao GDR, como das decisións da Xunta Directiva da Asociación en función das prioridades e demandas do territorio en cada anualidade. Con todo, a continuación recóllense algunhas das accións que se pretenden levar a cabo.

	ACTUACIÓN	CONTIDO
A1	Deseño, edición e publicación de material divulgativo	Esta actuación formará parte do Plan de Comunicación da EDLP que ten por obxectivos a Promoción, difusión e animación do territorio da Comarca de Ordes e da súa estratexia, así como o intercambio continuo de información entre os axentes do territorio, tanto institucionais, como socioeconómicos, implicados no seu desenvolvemento territorial. Para iso preténdese elaborar os seguintes materiais divulgativos: 1.500 Trípticos informativos e 100 carteis publicitarios sobre a medida Leader, 2 Roll Up e 3 placas indentificativas da sede e dependencias do GDR
A2	Guía de axudas LEADER na Comarca de Ordes	Este proxecto, consistente no deseño, elaboración e impresión dunha guía de axudas terá como obxectivos a divulgación das liñas de axuda do GDR.

I. PLAN DE ACCIÓN

	ACTUACIÓN	CONTIDO
A3	Material promocional	O proxecto correspóndese cunha parte do plan de animación a levar a cabo polo GDR e consistirá no deseño e impresión de material promocional (prendas, bolígrafos, carpetas...) para promocionar tanto o GDR como o LEADER. O proxecto poderá incluír tamén a actualización da páxina web do territorio e a realización de vídeos divulgativos
A4	Promoción de mulleres sobresaíntes	Conxunto de actuacións que se realizarán para a exaltación das mulleres sobresaíntes do territorio de actuación do GDR, fomentando a igualdade e a loita contra a violencia de xénero, con programas específicos nos centros de ensino ("Murmurios de Silencio").
A5	"O camiño que nos une"	A proposta consiste na creación dun camiño que una os sete concellos da comarca, dando visibilidade en cada un deles a un espazo patrimonial de interese natural, cultural, histórico, arquitectónico... En cada un destes sete puntos programarase unha actividade cultural que servirá para presentar, visibilizar ou dar a coñecer ese espazo, para promocionar a ASDECOMOR e para amosar as potencialidades e valores propios da Comarca de Ordes como camiño interior.

Dada a escasa dotación orzamentaria coa que se vai contar, priorizarase realizar unha acción de animación en cada un dos anos de aplicación da intervención LEADER (2024, 2025, 2026 e 2027), con independencia de que se poidan realizar varias no mesmo ano ou algunha máis diferente as aquí expostas (dinamización do sector comercial e empresarial; promoción turística,)

I.4 PLAN DE FORMACIÓN

O plan formativo da ASDECROMOR é resultado, tanto da diagnose do mercado laboral do territorio, como da identificación dos sectores no marco do proceso participativo para a elaboración da Estratexia.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa EDL do GDR

A diagnose do mercado laboral xa foi tratado na análise DAFO do territorio e posta en *común cos axentes territoriais no proceso de participación realizado no que se chegaron* as seguintes conclusións:

- Menor peso das mulleres fronte aos homes no mercado laboral
- Baixo número de contratos e forte predominio de contratos temporais (inestabilidade do emprego)
- Nivel formativo insuficiente dos traballadores contratados
- Débese apostar de xeito decidido pola formación dos traballadores en particular.

Todos os sectores socioeconómicos que participaron na elaboración da EDL coinciden na necesidade de formación, fundamentalmente en emprendemento, Novas Tecnoloxías e actividades relacionadas co asociacionismo e cos novos xacementos de emprego.

As accións formativas propostas e a súa relación cos obxectivos e as Liñas Estratéxicas resúmense na seguinte táboa:

ACCIÓN FORMATIVA	OBXECTIVOS OPERATIVOS	LIÑAS ESTRATÉXICAS
Emprende no rural	OP3.1, OP3.2 e OP3.6	LE2, LE3, LE4, LE10
Xestión de asociacións sen fins de lucro	OP1.4	LE11
Manexo das redes sociais	OP3.1 e OP 3.9	LE10
Dinamizador do medio rural e axente de desenvolvemento sostible	OP1.2, OP1.4, OP3.1	LE7 , LE11
Novas Tecnoloxías e Dixitalización	OP3.1 e OP 3.9	LE10
Socorrista acuático	OP3.1	LE2. LE6

I.4.2 Plan formativo

Tendo en conta o importe da Estratexia que se destinará á Formación (1%) faise preciso priorizar algunhas das accións previstas, sen que este feito supoña un límite a outras posibles actuacións formativas sobre as que amosen interese os sectores socioeconómicos do territorio.

I. PLAN DE ACCIÓN



ACTIVIDADE FORMATIVA	XUSTIFICACIÓN	FORMATO	DURACIÓN	REQUISITOS ALUMNADO	REQUISITOS FORMADORES
Emprende no Rural	Considérase esencial poñer en marcha un programa formativo gratuito especialmente deseñado para impulsar os novos emprendementos ou ás empresas xa creadeas, ubicadas no territorio de actuación do GDR ASDECOMOR. Serviría de complemento ao "Bono Activa Rural"	Mixto	26 horas	Novos emprendedores ou administradores/Directores de pequenas empresas do territorio.	Se requerirá titulación universitaria na materia a impartir e formación acreditada no sector
Xestión de asociacións sen fins de lucro	A comarca conta con máis dun cento de asociacións de diversos colectivos ou sectores repartidas polos 7 Concelos, pero ás que lles afecta a mesma problemática e complexidade fiscal, contable ou de xestión. Moí demandado por responsables de colectivos sociais, de entidades, de mozas, AMPAS, de turismo e artesanía, de mulleres, deportivas ou de servizos sociais, de toda a comarca.	Presencial	40 horas	Integrantes de entidades sen fins de lucro e ter acadado a certificación de ESO	Titulación universitaria e experiencia acreditada en xestións de entidades sen ánimo de lucro
Manexo das redes sociais	As redes sociais son unha ferramenta útil como método interactivo de información e coñecemento e, actualmente, forman parte da cotianidade dos máis novo e das empresas. Demostrouse que o uso destas xera aspectos positivos tanto na formación como no desenvolvemento dos negocios	Online	15 horas	Empresarios e empregados de empresas da contorna. Integrantes de entidades asociativas.	Formación acreditada e experiencia demostrada en formación en NNTTII

I. PLAN DE ACCIÓN

Dinamizador do medio rural	O abandono do rural xustifica máis que nunca apostar decidida e activamente por un cambio e progreso permanente, pero un progreso baixo principios ben definidos nos que a solidariedade, participación e sustentabilidade sexan o pilar fundamental. O traballo dos profesionais que se desenvolven para ou no medio rural é cada vez máis complicado e difícil de anticipar. Un rural cada vez máis complexo obriga a apostar por un traballo interdisciplinar e multidimensional. O Dinamizador de Medio Rural é unha figura profesional cun profundo coñecemento do rural capacitados para a prospección do territorio, a definición de necesidades e o deseño, implantación e acompañamento na xestión de proxectos de dinamización rural sostible	Online	75 horas	Parados inscritos nas oficinas de emprego do territorio ou integrantes de entidades relacionadas coa dinamización rural	Titulación universitaria e experiencia acreditada en desenvolvemento rural
Novas Tecnoloxías e Dixitalización	No proceso participativo quedou acreditada a necesidade de melloras as competencias dixitais e o uso das NNTTII da probación da Comarca, sendo un dos obxectivos de marcado carácter transversal da estratexia	Online	45 horas	Dirixidos á poboación en xeral, desempregados ou empresarios de turismo, artesanía, alimentarias ou servizos en xeral, Priorizarase a mozas/os menores de 35 anos e as mulleres	Formación acreditada e experiencia demostrada en formación en NNTTII

I. PLAN DE ACCIÓN



Socorrista acuático	As piscinas pública, tanto as municipais como as de empresa de turismo, atópanse actualmente con problemas para atopar mozas e mozos que poidan cubrir as ofertas de emprego anuais, tendo que recorrer en moitas ocasións a persoas de fora da comarca e incluso ao peche das instalacións por falta de socorristas	Presencial	420 horas	Mozos/as maiores de 16 anos empadroados nalgún Concello da Comarca. Carecer de afeccións crónicas e enfermidades infecto contaxiosas e ter acadado a certificación de ESO	Titulación homologada de socorrista acuático
---------------------	--	------------	-----------	--	--

I.5 PLAN DE COOPERACIÓN E TRABALLO EN REDE

O obxectivo deste Plan é a execución de proxectos que pretende levar a cabo o GDR ASDECOMOR xunto a outros Grupos de Desenvolvemento Rural sobre temáticas concretas, co obxectivo de resolver problemas comúns e obter vantaxes e sinerxías no desenvolvemento da estratexia a través da colaboración técnica e financeira. Esta cooperación terá distintos ámbitos, podendo participar nos proxectos grupos da comunidade autónoma, outros grupos do Estado español e/ou grupos da U.E. e mesmo de terceiros países, aínda que inicialmente tense previsto iniciar os proxectos con socios da Comunidade Autónoma Galega.

Entre as operacións (actuacións) previstas inclúese a concepción, desenvolvemento e execución de proxectos de cooperación e/ou traballo en rede, inicialmente nos seguintes ámbitos de actuación por consideralos prioritarios:

- *Ámbito cultural e turístico: Os traxectos do Camiño de Santiago e o patrimonio cultural inmaterial como elementos de dinamización, promoción e desenvolvemento do territorio. Fomento da cultura a través da cooperación, da innovación e do traballo en rede.*
- *A actividade económica do medio rural: Posta en valor dos produtos agroalimentarios, a recuperación de cultivos tradicionais.*
- *Actuacións relacionadas cos instrumentos de recuperación de terra agraria.*
- *Solucións tecnolóxicas a problemas do medio rural (smart villages)*

Todo isto sen menoscabo, da participación deste GDR noutros proxectos de cooperación, traballo en rede ou grupos operativos que se consideren de interese no marco da aplicación da súa EDL.

Os proxectos que se expoñen a continuación resumidos en fichas descritivas, tentan satisfacer as necesidades detectadas na diagnose así como cumprir cos obxectivos establecidos na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa da Comarca de Ordes.

PAISAXES INTELIXENTES II	
Antecedentes, xutificación e interese	Dentro do período de programación LEADER 2014-2020, cinco GDRs galegos puxeron en marcha un proxecto de cooperación denominado “Paisaxes Intelixentes”, que foi iniciado no último trimestre do ano 2022 e que se atopa en execución na actualidade. Os grupos participantes están interesados en darlle continuidade ao proxecto e abrilo a máis GDR.
Breve descrición do proxecto	O proxecto “Paisaxes Intelixentes II” pretende contribuír desenvolver e promover a mobilidade de terras; a recuperación de cultivos e novas formas de produción no entorno dos núcleos rurais; a deseñar cintos verdes e a iniciar procesos de transición enerxética nas aldeas do rural galego
Obxectivos	Xerar iniciativas piloto de paisaxe intelixente nos territorios participantes, empregando as figuras establecidas na lei de recuperación de terra agraria de Galicia: aldeas modelo, polígonos agroforestais ou agrogandeiros Impulsar un proceso de planificación participada: impulsar canles e metodoloxías de planificación territorial participada como semente de iniciativas nas zonas participantes (iniciativas forestais, agrícolas, gandeiras, agroforestais, outras). Valorar as posibilidades dos distintos territorios en canto parámetros bioclimáticos, agronómicos e de razas de gandaría autóctona e sementes para activar novas iniciativas que contribúan a recuperación da paisaxe Estudar as posibilidades de comercialización de produtos agrogandeiros-forestais e mercados de proximidade Impulsar a transición enerxética, facendo mais atractivo o medio rural ao poder contar cunha enerxía mais barata para a poboación local e as empresas
Entidades cooperantes	GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR13 Condado Paradanta GDR 17 Salnés Ulla Umia; GDR 18 Deloa, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	A cooperación vai supor un valor engadido que se reflicte na utilización dunha metodoloxía común a tódolos territorios que se traduce nunha visión integradora do proxecto e do territorio, así como a complementariedade entre actores e accións a realiza .

I. PLAN DE ACCIÓN

	Seguiríase cooperando continuando coas liñas de traballo desenvolvidas no proxecto anterior coa execución deste proxecto e doutros similares, co fin de que estas accións sexan permanentes na medida do posible
Accións a desenvolver	Faladoiros sobre a paisaxe intelixente e Xornadas formativas e informativas sobre a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia Formación e información sobre xestión, comercialización a través de mercados de proximidade e de mercados dixitais para produtores agroalimentarios e forestais, e sobre o impulso ao cooperativismo, e o emprendemento en servizos agrogandeiros e forestais Viaxes de aprendizaxe e intercambio de experiencias Elaboración de material informativo e divulgativo do proxecto Creación de estrutura asociativa entre os GDR participantes Apoio á creación dunha paisaxe intelixente en cada territorio
Repercusión	O proxecto incide directamente na posta en valor das terras agrarias nos núcleos rurais, tanto dende o punto de vista do uso conxunto das mesmas a través das diferentes figuras que se recollen na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, como do seu aproveitamento dende o punto de vista agrario e/ou forestal. Recuperación de variedades autóctonas de cultivos vexetais e introdución de novos cultivos con proxección en cada territorio Mellora da concienciación medioambiental, pola recuperación e ordenación dos entornos dos núcleos rurais, os cintos verdes Xeración de redes de colaboración entre os distintos axentes dos territorios implicados no proxecto Recuperación da paisaxe, grazas a recuperación, ordenación e posta en produción de terras abandonadas Avanzar na transición enerxética das comunidades locais.

ECOCOMEDORES	
Antecedentes, xutificación e interese	A proposta de proxecto de cooperación xorde do proxecto de experiencias previas desde varios GDRs desde o ano 2019, buscando con este proxecto amplificarse a outros territorios de Galicia, buscando complementariedades e compartir aprendizaxes. Con esta actuación de cooperación se propón ampliar estas accións piloto, para apoiar e revisar os menús de cada centro que dispón da súa propia cociña, e favorecer a incorporación de produtos locais e de tempada.
Breve descrición do proxecto	A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) a incorporación de centros educativos ou outro tipo de centros comunitarios (residencias terceira idade, infancia, etc) nunha nova “Rede”, que se chamará Rede Eco-Comedores, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico.
Obxectivos	Acompañar á comunidade escolar e outros centros residenciais durante o curso para revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria. Facilitar o acceso aos produtos locais, mellorando a comercialización en circuitos curtos e o contacto entre as escolas e os agricultores/as que permita integrar estas producións no menú, coa correspondente diminución da pegada de carbono derivada do aforro nos transportes a grandes distancias dos alimentos. Divulgar e dar a coñecer o proxecto entre as familias e equipos xestores dos centros, e na sociedade en xeral, así como promover o cambio de modelo de consumo e cambios normativos que o favorezan.
Entidades cooperantes	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 5 Miño-Ulla, GDR 9 Monteval, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR11 Adercou, GDR 13 Condado Paradanta, GDR14 EuRural. GDR 19 Terras de Compostela, GDR 20 Ulla Tambre Mandeo, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22

I. PLAN DE ACCIÓN

Valor engadido da cooperación	Acompañar a aprendizaxe común no proceso de transición alimentaria Aumentar a visibilidade da produción local de alimentos, o papel dos agricultores no rural, así como o traballo desenvolvido dende a rda. Aproveitar sinerxías e complementariedades entre as distintas producións dos territorios participantes, reforzándose mutuamente. Facer visible conxuntamente a contribución que os alimentos poden facer para mitigar o cambio climático e manter viva a cultura rural.
Accións a desenvolver	Asesoramento nutricional aos centros adheridos Accións de sensibilización, formación e talleres Apoio na organización de xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico Información e comunicación Apoio ao sector produtor e mellora da loxística
Repercusión	O fortalecemento das canles curtas de comercialización das producións locais contribuirá a reducir a pegada de carbono do sistema alimentario local en Galicia. O uso de produtos de tempada reducirá a pegada ecolóxica dos alimentos. O fomento da produción ecolóxica e de proximidade permitirá un mellor estado da biodiversidade ambiental.

ORDENACIÓN TERRITORIAL DA TERRA AGRARIA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS	
Antecedentes, xutificación e interese	A ordenación do territorio e a recuperación da terra agraria en desuso está sendo un dos alicerces sobre os cales se están centrando as políticas públicas para xerar actividade no rural e, deste xeito, ampliar a base de posibilidades laborais no mesmo e polo tanto fixar poboación. Esto fixo que no período 2014-2020, tres GDR puxeran en práctica a metodoloxía de permutas mediante un proxecto de cooperación, que queren facer extensibles a outros territorios no período 2023-2027
Breve descrición do proxecto	Proxecto de cooperación para o estudo da ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas. O obxectivo principal da actuación é poñer en práctica en varias zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de mais infraestrutura viaria, sobre todo naquelas áreas con actividade consolidada e co fin de mellorar a produtividade das explotacións existentes e/ou o nacemento de novas iniciativas.
Obxectivos	Avanzar no desenvolvemento dunha ferramenta sinxela de ordenación territorial orientada a mellorar a competitividade das explotacións a través do redimensionamento en terra das mesmas. Crear unha aplicación/plataforma tecnolóxica que permita facer dende os usuarios propostas de modificación territorial a través de permutas dunha área agraria determinada. Coñecer fórmulas de loita contra o minifundio doutros lugares onde se están a desenvolver dende a iniciativa pública e/ou privada. Expor a validez da ferramenta para diferentes áreas e contornas agrarias. Avaliar os custes da ferramenta para valorizar a mesma como unha solución válida en áreas con boa infraestrutura de camiños e accesos.

I. PLAN DE ACCIÓN

	Establecer un procedemento legal ao amparo da Lei de Mellora da estrutura territorial Agraria (METAGA) e da Lei da Recuperación da Terra Agraria de Galicia, que poida ser tomada como base regulamental por parte da administración (Xunta).
Entidades cooperantes	GDR 4 Comarca de Lugo, GDR5 Miño Ulla, GDR 17 Salnés Ulla Umia, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	Este proxecto de cooperación pretende plasmar sobre o terreo as múltiples posibilidades que ten a figura das permutas á hora de poñer en valor a terra agraria e favorecer o redimensionamento das explotacións, e ó tempo configurar un esquema e/ou procedemento de xestión do mesmo que sexa aplicable de xeito correcto e eficaz en calquera agraria de Galicia onde se cumpra cos criterios delimitados nas Leis de referencia. Ao tempo pretende servir como elemento demostrativo e avaliador dos custes (a priori menores) dun procedemento que pode ter unha forte implementación en áreas con actividade agraria consolidada. Eta acción ven precedido dun estudo previo e pormenorizado do que poden ofrecer cada un dos territorios de referencia, que teñen situación diferentes no que á ordenación se refire o que as fai aptas para aportar diferentes visións sobre a aplicación do mesmo procedemento ou posibles aplicacións diferentes ante diferentes problemáticas
Accións a desenvolver	Implementación dunha área virtual de estudo nos GDR participantes como base de análise para tratar de implementar un piloto real nun territorio concreto. Identificación de zona piloto. Visitas de traballo (explotación e GDR) a ver o funcionamento doutras iniciativas similares noutros territorios Creación de comisión técnica/legal para elaboración de procedemento. Elaboración de plataforma GIS de autorrealización (previa) de proxecto de permutas. Difusión do proxecto e dos seus resultados entre explotacións e cooperativas, administracións e público en xeral.

Repercusión	A ordenación territorial agraria é clave para posibilitar un correcto e efectivo relevo xeracional nas explotacións unha vez o mesmo vai encamiñado en parcelas máis eficaces e rendibles Incide nunha correcta utilización do territorio e nunha agrupación do parcelario que favorece o axuste á baixa dos gastos de consumos de combustibles fósiles o que con leva de por si unha loita contra os efectos do cambio climático. Así mesmo a ordenación do territorio agrario posibilita a xestión de actividades agrarias primarias que permiten unha mellora da calidade dos produtos do campo como o pastoreo, que permiten posibilitar que os produtos adquiridos poidan ir da terra a mesa tal e como se recomenda por Europa. Xestión innovadora no referente á ordenación da terra que fai deste procedemento un fórmula verde de xestión que non interfere en cuestión medioambientais
-------------	---

INTERITMOS SONS DO RURAL	
Antecedentes, xutificación e interese	Interritmos xorde como un proxecto de cooperación a nivel nacional desenvolvido entre os anos 2011-2014, no que participaron 11 grupos de desenvolvemento rural de Galicia, Cantabria, Castela León, Andalucía e Extremadura. Debido ao elevado grado de participación do sector, e da implicación da poboación, a Asociación Deloa, seguiu celebrando unha das accións máis valorada do proxecto “o festival Interritmos”, de musica tradicional ata a actualidade, poñendo en práctica diferentes formatos. A últimas edicións celebradas nos anos 2021 e 2022, leváronse a cabo como un proxecto de traballo en rede, entre os GDR Asociación Deloa, Ribeira Sacra-Courel, Salnés Ulla Umia e Asdecomor, uníndose no ano 2023 o GDR Comarca de Lugo. Consideramos de interese darlle continuidade a un proxecto emblemático no ámbito cultural dos territorios rurais.
Breve descrición do proxecto	Interitmos busca promover a cultura como motor de desenvolvemento territorial, así como dar visibilidade e potenciar a profesionalización de grupos e bandas que apostan pola evolución da música tradicional e de raíz
Obxectivos	Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente. Impulso da profesionalización e visibilización de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio. Facilitar espazos de intercambio entre músicos e profesionais da Industria Musical. Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego
Entidades cooperantes	GDR1 Terras de Miranda GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR5 Miño Ulla, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 13 Condado Paradanta, GDR 17 Salnés Ulla Umia; GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	Traballo en rede, cooperación e complementariedades entre GDRs. Posta en valor da cultura e a tradición galega como medio para o desenvolvemento territorial

I. PLAN DE ACCIÓN

	A cultura no centro do desenvolvemento local participativo
Accións a desenvolver	Posta en marcha dunha plataforma web de inscrición para grupos/solistas de toda Galicia a fin de que participen no Concurso INTERRITMOS SONS DO RURAL 2023. Designación dun Xurado de profesionais recoñecidos da Industria Musical, que se encargará de elixir a dez grupos/solistas de entre todos os inscritos a través da plataforma Os dez grupos/solistas elixidos participarán nunha audición en vivo. A audición, que terá lugar no Náutico de San Vicente do Mar (O Grove), vaise complementar cunha xornada formativa en temáticas de interese musical e cultural. Nesta xornada elixiranse os grupos gañadores Os grupos gañadores participarán nun circuío musical nos territorios dos GDR participantes. Os circuítos musicais irán acompañados de xornadas formativas, coa finalidade de impulsar formación en emprendemento musical e cultural. Esta formación estará aberta ao público en xeral, pero priorizando aos inscritos na plataforma e incidindo especialmente en temas de interese para a música tradicional galega
Repercusión	A música como medio de transformación social dende unha triple perspectiva: Educativa, artística e social Innovación na industria musical Recuperación do patrimonio musical dos territorios

MUSEOS VIVOS – LIVING MUSEUMS +	
Antecedentes, xutificación e interese	No período 2014-2020 tres GDRs galegos participaron neste proxecto de cooperación transnacional, xunto con 2 extremeños, 1 andaluz, 12 castelán leoneses e 1 grupo da República checa, co obxecto de impulsar a divulgación e promoción dos valores etnográficos, culturais, naturais e medioambientais dos seus territorios. https://museosvivos.com/ Visto o indubidable éxito do proxecto, acadando incluso a condición de finalista nos premios RIA Awards 2022, acordouse a súa continuidade do proxecto incorporando novos socios e estendendo as actuacións a novos elementos (igrejas, ermidas, etc)
Breve descrición do proxecto	O proxecto de cooperación "Museos Vivos" é unha iniciativa que busca promover a colaboración e intercambio entre museos e institucións culturais de diferentes rexións ou territorios. O seu obxectivo principal é poñer en valor o patrimonio cultural e fomentar a súa interpretación e divulgación a través de actividades e programas en común. Incorporáanse as novas tecnoloxías para a apertura e funcionamento destes elementos de dinamización comarcal en sintonía coa Acción da Comisión Europea denominada "Smart Villages".
Obxectivos	Deseño e execución de accións conxuntas que permitan a apertura e realización de visitas a estes Centros. Deseño conxunto de instrumentos Smart para a divulgación do patrimonio etnográfico, patrimonial e natural dos territorios rurais. Deseño e execución de Rutas Temáticas . Deseño de estratexias de promoción destes Centros e accións dinamizadoras ao redor destes elementos. Mellora da Imaxe dos territorios e das entidades promotoras
Entidades cooperantes	GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 17 Salnés Ulla Umia, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	O valor engadido do proxecto atópase en primeiro lugar, na innovación que supón traballar en conxunto e tradúcese nunha visión integradora do proxecto e do territorio e a complementariedade entre actores e accións a realizar que suporán:

I. PLAN DE ACCIÓN

	Unha busca común de solucións para impulsar os centros de cada un dos territorios A optimización dos recursos económicos, xerando economías de escala e redución de custes Accións de promoción conxuntas cunha maior visibilidade.
Accións a desenvolver	Plataforma Web de Apertura, Seguimento e Control: O proxecto contará cunha central de control de accesos aos museos e centros adheridos, que estará baseada nunha plataforma web interactiva, desde onde se realizarían os labores de control de accesos e videoseguimento. Este sistema smart de apertura poderá realizarse grazas á implantación ou ampliación da área wi-fi ás zonas dos museos participantes, que será custeado polos propietarios destes museos sexan asociacións ou entidades locais. Web de Promoción Territorial dos GALs Participantes. Elaboración de videos promocionais para cada un dos GDRs e dun vídeo de promoción conxunta. Presentacións e Asistencia a Feiras de Turismo e Eventos Promocionais.
Repercusión	Os mozos serán un dos grandes beneficiarios do proxecto, xa que se establecerá un sistema de visitas dos centros educativos a cada un dos elementos obxecto do proxecto, para deste modo transmitirles a cultura, o patrimonio e os recursos naturais cos que conta cada un dos territorios participantes neste proxecto. Todas as actuacións que se pretenden realizar levarán a cabo baixo unha perspectiva de xénero. A través desta iniciativa pódense crear novos “nichos de mercado” dando cabida a mulleres e mozos en postos de traballo de guías turísticos da comarca. Así mesmo, as novas empresas de servizos que xurdan terán unha comercialización máis fácil

I. PLAN DE ACCIÓN

TECENDO CULTURA	
Antecedentes, xutificación e interese	Varios GDR galegos participaron nun proxecto de cooperación que levaba por título “Gestión de la sostenibilidad en eventos culturales con espectáculos en vivo en espacios rurales” que tivo como resultado unha serie de recomendacións. Estas recomendacións foron o xerme para a participación, dalgúns dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios deste proxecto, como entidades colaboradoras nun programa Coworking que se desenvolveu no ano 2022 e nunha segunda edición no ano 2023, sendo implementado ao abeiro do convenio asinado entre a Fundación Paideia Galiza e a Escuela de Organización Industrial, para a posta en marcha de accións formativas que fomenten o emprendemento. A través deste proxecto, os GDR involucrados nesta iniciativa, pretendemos continuar e complementar o traballo iniciado, poñendo en marcha unha nova iniciativa
Breve descrición do proxecto	Proxecto de dinamización cultural onde se alumean novos espazos e propostas de creación cultural e artístico
Obxectivos	Reflexionar, dende os diferentes territorios, sobre o emprendemento en cultura/artes como eixo de desenvolvemento rural sustentable. Dar a coñecer as tendencias e implicar aos emprendedores no tecido empresarial. Deslocalizar das áreas urbanas eventos relacionados coa arte e a cultura
Entidades cooperantes	GDR1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 13 Condado Paradanta, GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	Fomento do networking entre os socios do proxecto e entre os axentes dos diferentes sectores participantes. Fortalecer o coñecemento e o traballo en rede entre iniciativas emprendedoras dos territorios involucrados
Accións a desenvolver	Organización e desenvolvemento de eventos culturais en cada territorio participantes Divulgación e posta en común de experiencias de éxito vencelladas a emprendedores culturais (cultura, patrimonio, gastronomía, ...) Materiais de difusión do proxecto
Repercusión	A identificación de novas oportunidades e necesidades, así como a posta en valor do patrimonio cultural, facilitará o desenvolvemento de proxectos emprendedores entorno á cultura e ás artes, así como a xeración de sinerxías con outros sectores.

I. PLAN DE ACCIÓN

CAMIÑOS A COMPOSTELA	
Antecedentes, xustificación e interese	Nas E.D.L.P. dos distintos GDR tense identificado o turismo e concretamente o Camiño de Santiago como motor de desenvolvemento dos territorios, así como o recurso que supón a cooperación con outros territorios como estratexia para acadar “economías a escala” e facer produtos ou servizos máis atractivos.
Breve descrición do proxecto	O proxecto consistiría na creación de paquetes turísticos coordinados e promoción conxunta de todos os territorios participantes no proxecto, a través de paquetes culturais do patrimonio.
Obxectivos	Promoción conxunta a través de paquetes culturais do patrimonio dos territorios participantes no proxecto. Centralización dos paquetes turísticos, podendo crearse unha nova marca que os identifique. Aplicación das novas tecnoloxías para a comercialización.
Entidades cooperantes	GDR 5 Miño-Ulla, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Valor engadido da cooperación	A cooperación vai supor un valor engadido que se reflicte na utilización dunha metodoloxía común a todos os territorios o cal determinará unha serie de beneficios para os territorios participantes: aforro de custes en promoción; paquetes turísticos máis compactos e completos; maior número de servizos para negociar volumes nos paquetes; complementariedade entre os destinos ofertados
Accións a desenvolver	Realización campañas promocionais de turismo en mercados específicos e especializados. Creación e posta no mercado dos paquetes (web; pasarela pagos).
Repercusión	O proxecto incide directamente na posta en valor do patrimonio natural existente nos territorios participantes mediante o turismo, polo que se pode dicir que afectará positivamente. A través desta iniciativa pódense crear novos “nichos de emprego” dando cabida a mulleres e mozos en postos de traballo de guías turísticos das comarcas. Así mesmo, as novas empresas de servizos que xurdan terán unha máis doada comercialización Todas as accións realizaríanse en colaboración directa cos xeodestinos dos territorios afectados.

I.6 ANEXO COOPERACIÓN: GRUPOS DE TRABAJO

Este apartado complementa ao de cooperación e traballo en rede e foi introducido no punto F: Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia que figura no anexo C das bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia par ao período 2023-2027 (DOG 105 do 2 de xuño de 2022)

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

I.6.1 Guión dos grupos de traballo entre GDR de Galicia

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do presente ano. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

Primeira fase

Comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvoltoos durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

- Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
 1. Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
 2. Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
 3. Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario

I. PLAN DE ACCIÓN

4. Turismo en zonas rurais

5. Innovación

- Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación queda sen constituír pendente de facelo a que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento transversal no traballo de todos os GT
- Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aso GDR como axentes relevantes nos territorios.
- A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
- Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
- A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

Segunda fase

A partir da aprobación das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- ✓ A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- ✓ Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

I. PLAN DE ACCIÓN

Fases da metodoloxía:

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborárase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales das necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e potencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

A continuación relacionamos os grupos interesados en participar nestes grupos de traballo segundo a adscripción a cada un deles:

AUGA E ENERXÍA . Coordina o GDR 10 A Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia
GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos. Sensibilización e manexo da auga como limitador do desenvolvemento.	GDR. Empresas Galegas de xestión da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)
GDR13 Condado Paradanta	Optimización do recurso para uso humano e de regadío	
GDR 15 Pontevedra-Morrazo		
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.

I. PLAN DE ACCIÓN

GDR 19 Terras de Compostela	Descarbonización e cambio climático. Sensibilidade ambiental.	Augas de Galicia. Ministerio de Sanidad. Aguas de consumo Humano
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeiría. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS. FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO. Coordina o GDR 13 Condado Paradanta

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 2 Terra Cha	Posta en marcha de instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria galega (LRTAG). Concretamente polígonos e permutas.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Aplicación dos instrumentos da LRTAG a través do GDR.
GDR 4 Comarca de Lugo	As permutas como vía de recuperación da terra agraria.
GDR 5 Miño - Ulla	Posta en marcha de instrumentos da LRTAG co obxecto de aumentar a base territorial das explotación de vacún e de viñedo.
GDR8 Sil-Bibei- Navea	
GDR 9 Monteval	Os instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais.
GDR 10 Limia Arnoia	Proxecto A TERRA. Intentando crear metodoloxía de traballo para a aplicación da LRTAG.
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Novas producións coas posibilidades que dá a LRTAG. Así como estudo de loita contra as pragas e enfermidades na vide.
GDR13 Condado-Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre estas e os residentes dos territorio favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Formarse para interpretar sobre a LRTAG e asesorar a aquelas iniciativas privadas do territorio.
GDR 16 Pontevedra Norte	Desenvolver Banco de Explotacións.
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas.
GDR 21 - Asedecomor	As permutas e os polígonos agroforestais como vía de recuperación da terra agraria, fundamentalmente no sector forestal. Reorientar a produción gandeira e recuperación da produción de variedades tradicionais.
GDR 22 Costa da Morte	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas. Posta en marcha de polígonos agroforestais para dotar de base territorial ás empresas forestais e para favorecer a recuperación de variedades tradicionais.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Aplicación dos instrumentos da LRTAG.

I. PLAN DE ACCIÓN

ALIMENTACIÓN. Coordina o GDR 24 Seitura 22

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sistemas Alimentarios Sostibles. Ecocomedores.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sistemas Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibei – Navea	
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Km 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra Norte	
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Km 0. Relacións produtores-hostaleiros.
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais. Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.
GDR 22 – Costa da Morte	Valorización produción. Comedores comunitarios. Autóctonas.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.

TURISMO EN ZONAS RURAIS. Coordina o GDR 3 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sustentabilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.
GDR4 Comarca de Lugo	Sustentabilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible e propostas de turismo industrial.
GDR9 Monteval	
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Mobilidade para o sector turístico. Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sustentabilidade. Turismo verde e enoturismo.

I. PLAN DE ACCIÓN

GDR16	Pontevedra	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR17	Salnés Ulla Umia	
GDR19	Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomía.

I.7 PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Non é posible realizar unha planificación temporal dos proxectos e actividades, xa que a mesma depende de distintos factores, alieos a vontade deste GDR, e que poden alterar o ritmo e os tempos de execución da Estratexia de Desenvolvemento Local, entre os que destacamos:

- A data de resolución da selección de entidades colaboradoras na medida LEADER de Galicia e a de sinatura do correspondente convenio de colaboración entre AGADER e o GDR, que poden alterar a data de comezo da subvencionalidade das operacións.
- Da posibilidade de que se realice unha nova convocatoria de axudas con cargo aos fondos da medida LEADER 2014-2020,.
- As datas de cada unha das convocatorias de axudas para as operacións con terceiros que non dependen dos GDR e que no período anterior sufriron retrasos e incluso non se chegaron a realizar (convocatoria 2022-2023)
- A dotación orzamentaria de cada unha das mencionadas convocatorias, e o ritmo de execución das verificacións dos Informes de Control de Elixibilidade por parte da AGADER
- A dotación económica finalmente concedida ao GDR pola AGADER. Se dita dotación é inferior á proposta por este GDR obrigará a axustar e priorizar os obxectivos e actuacións ao plan financeiro finalmente aprobado, o que alteraría o calendario de execución das accións e a realización efectiva dalguns dos proxectos previstos -sobre todo no marco de animación, cooperación e formación- ao estar vinculados aos fondos dispoñibles.

É por iso, que realizar unha planificación temporal das operacións da Intervención LEADER carecería de rigor e entendemos que sería un mero exercicio de improvisación que non redundaría en beneficio algún para a execución da Estratexia plantexada.

Con todo, de modo xenérico este GDR comprométese a executar como mínimo un proxecto de animación e outro de formación en cada unha das anualidades previstas (2024, 2025, 2026 e 2027) e dous proxectos de cooperación (un nos anos 2024/2025) e outro no 2026/2027).

I.8 ELEMENTOS TRANSVERSAIS E PLAN DE COMUNICACIÓN DA EDL

I.7.1 Elementos transversais da EDL

A Estratexia considera a perspectiva de xénero, non unicamente desde a óptica da igualdade entre homes e mulleres, senón como aquela mirada atenta tamén aos colectivos vulnerables (persoas maiores, nenos, inmigrantes, persoas con algunha discapacidade) sen a que non son posibles auténticas políticas en favor dunha sociedade inclusiva e cohesionada.

A formación tamén é fundamental para unha boa inserción no mercado laboral.

Polo que respecta ao emprego propiamente, propóñense axudas á contratación de mozas, a priorización das iniciativas impulsadas por mozas a dinamización do coworking.

Por último, a mitigación e adaptación ao cambio climático é un reto maiúsculo para as nosas sociedades, e o mundo rural pode contribuír de forma decisiva. A protección da contorna natural supón xestionar a compatibilidade entre funcións tan distintas como a conservación da biodiversidade, os aproveitamentos carpinteiros e os usos recreativos.

As paisaxes agroforestais resilientes (é dicir, xestionados xustamente para facer fronte a esta emerxencia planetaria) son fundamentais na fixación de CO₂, a regulación do ciclo da auga e o control da erosión ou a provisión de alimentos de calidade e bioproductos (como a madeira dos bosques), que son o punto de partida da bioeconomía circular.

A estratexia busca reforzar a transferencia de coñecemento desde a investigación e a innovación tecnolóxica no sector agrario (agrícola, gandeiro e forestal).

Por último, a Estratexia aposta pola mobilidade eléctrica, a transición enerxética e a xestión sostible e circular dos residuos.

I.7.2 Plan de comunicacion da EDL

O plan de comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Local 2023-2027 da Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes ten como obxectivo principal difundir, a través das canles de comunicación da entidade, todas as accións que se realizarán, para explicar a misión, visión, valores, obxectivos e liñas de actuación da nova Estratexia.

Todas as comunicacións da Asociación realízanse de acordo con o establecido no *“Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade de los sitios web y aplicaciones para dispositivos móviles del sector público”*, así como no resto de normativa estatal e comunitaria.

I. PLAN DE ACCIÓN



A comunicación dirixirase aos habitantes do territorio que se xestiona: público xeral, axentes locais do territorio, órganos de xestión, entidades colaboradoras, empresarios ou persoas beneficiarias ou (potencialmente beneficiarias) das accións da ASDECOMOR.

Con información a través destas ferramentas comunicativas, quérese cumprir os obxectivos de visibilidade, transparencia e participación, para que a misión e os valores da estratexia cheguen a todos.

Concretamente, os obxectivos específicos desta comunicación son: informar o público xeral sobre a política de desenvolvemento rural, mellorar a eficacia, eficiencia e economía dos fondos públicos xestionados e aumentar a participación das partes interesadas na aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local.

A primeira das accións de comunicación será planear unha boa difusión da presentación definitiva do EDL 2023-2027 da Comarca de Ordes.